

Comisión de Enxeñaría Informática

REUNIÓN DO 8 DE MAIO DE 2019

A Comisión de Enxeñaría Informática reúnese en segunda convocatoria, ás 12:30 horas na sala x3.1 da ETSE, coa asistencia dos seguintes membros:

- D. Antonio Mosquera Gonzalez, Presidente
- D. David López Vilariño, Secretario
- D. José C. Cabaleiro Domínguez
- D. Manuel Lama Penín
- D. Francisco J. Pena Brage

Ausencias xustificadas:

- D. Eduardo Sanchez Vila
- D. José Ramón Ríos Viqueira

Ausencias:

- Dna. Gracia Frutos Martínez
- Dna. María Del Carmen Palacios Oubiña

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta das reunión do día 27 de marzo de 2019
2. Informes
3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia
4. Informe de seguimento curso 2017/18
5. Accións de mellora curso 2018/19
6. Rolda aberta de intervencións

ACORDOS

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do día 27 de marzo de 2019.
Apróbase por asentimento.

2. Informes.

O presidente informa de que vense de aprobar un aumento de prazas no GrEI do 10% pasando a 66. Este número, lonxe da petición feita desde o Centro, é consecuencia da normativa que contempla un incremento dun máximo do 10% en relación ao especificado na memoria do Título.

Os acordos que se reflexan nesta acta non serán executivos ata a súa ratificación posterior polo órgano competente (Comisión Permanente, Xunta de Escola, etc.)

O presidente tamén informa de que a empresa CDS de HP Enterprise propoñe unhas xornadas de formación na ETSE no mes de xullo para a captación de talento. Estas xornadas vanse integrar como actividades da Aula Profesional.

3. Ratificación de acordos adoptados polo procedemento de urxencia.

Ratifícase por asentimento o acordo que se adxunta a esta acta.

4. Informe de seguimento curso 2017/18

Preséntase o informe de seguimento do Centro para o curso 2017/18 con especial atención aos aspectos relacionados co GrEI. Non hai ningunha obxección para a súa aprobación por parte da Comisión de Calidade do Centro.

5. Accións de mellora curso 2018/19

Apróbese por asentimento o conxunto de accións de melloras que se adxunta a esta acta.

6. Rolda aberta de intervencións

Non hai intervencións

As 14:00 remata a reunión da que, como Secretario, estendo esta acta.

ANEXOS

ACORDO POR PROCEDEMENTO DE URXENCIA

DATA DE APROBACIÓN: 10 abril de 2019.

MOTIVACIÓN: Segundo a proposta de PDA do GrEI para o curso 2019/20 a materia Organización e Xestión Empresarial (OXE) está asignada a área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade. A Vicerreitoría de Organización Académica advirte que a área de Economía Financeira e Contabilidade é actualmente deficitaria polo que se nos solicita reasignar a docencia a outra área adscrita de igual ou menor afinidade e que dispoña de recursos.

PROPOSTA: A área de Economía Financeira e Contabilidade segue a ser a nosa preferencia para impartir a docencia de OXE. Esta área a que está a impartir a materia na actualidade e ademáis, na proposta de modificación do plan de estudos do GrEI inclúese unha actualización da ficha de OXE a petición da devandita área. En caso de que Economía Financeira e Contabilidade non libere docencia noutras materias doutras titulacións e continúe sen poder asumir a docencia de OXE, a nosa proposta e facer o encargo a área de Organización de Empresas, tamén adscrita a OXE e coa mesma afinidade que Economía Financeira e Contabilidade.

LISTAXE DE ACCIÓNS

Sistema de xestión Grao en Enxeñaría Informática

Usuario responsable Todos

Tipo acción Acción de mellora

Accións Todas

Estado Todos

Orixe acción Todas

Axenda Curso 2018-2019

ID	Orixen	Descrición	Estado	Responsable	Resp.seguimento	ID Orixe	Fin Previsto	Rematada
AM-GrEI-1	Propostas de Mellora	Fortalecemento das habilidades de comunicación dos estudantes a partir de cursos da Aula Profesional. Mellora na coordinación na avaliación destas competencias entre distintas materias co obxectivo de fortalecer a formación dos estudantes ao longo da Titulación. Indicador: Enquisa de competencias. Obxectivo: Superar o 4 sobre 5 de media en todos os grupos de interese.	En construción	David López Vilariño	Comisión de Título		31/05/2019	
AM-GrEI-2	Propostas de Mellora	Elaboración dunha rúbrica de avaliación dos traballos de fin de grao.	En construción	David López Vilariño	Comisión de Título		31/05/2019	
AM-GrEI-3	Propostas de Mellora	<p>Consolidación dun procedemento de xestión de queixas e suxestión dos estudantes relacionados coa calidade docente baseado en tres pasos: 1. Elaboración de documento de queixas e suxestións por parte da delegación de estudantes. 2. Análise por parte dos coordinadores de materias afectadas e xustificación das actuacións. 3. Presentación do conxunto de accións e xustificacións aos estudantes.</p> <p>No curso 2018/19 a delegación de alumnos xogará un papel máis activo tanto na recopilación de queixas e suxestións (a través dun formulario web) así como na presentación aos coordinadores das materias afectadas. Contrastarase a eficacia deste modelo co desenvolvido o curso anterior.</p> <p>Otra fonte valiosa de información da opinión dos estudantes sobre a docencia recibida atópase nas memorias dos estudantes que realizan prácticas en empresa. A devandita memoria inclúe unha sección onde se reflicte a utilidade dos coñecementos e competencias dos estudos no desenvolvemento das prácticas en empresa. A análise desta información pode axudar a detectar puntos débiles e fortes na programación dalgunhas materias do Grao.</p>	En construción	David López Vilariño			31/07/2019	
AM-GrEI-4	Propostas de Mellora	Dotación dun laboratorio de electrónica no centro para o desenvolvemento de prácticas de materias da titulación. A adquisición de fontes de alimentación, polímetros, placas de proba e compoñentes electrónicos permitiú o desenvolvemento de parte das prácticas de Fundamentos Tecnolóxicos e Físicos da Informática nos laboratorios da	En construción	David López Vilariño	Comisión de Título		01/02/2019	

Axenda Curso 2018-2019

ID	Orixen	Descrición	Estado	Responsable	Resp.seguimento	ID Orixen	Fin Previsto	Rematada
AM-GrEI-4	Propostas de Mellora	ETSE. Actualmente estase tramitando a adquisición de osciloscopios e xeradores de sinal, o que permitirá trasladar a totalidade das prácticas do GrEI a laboratorios propios no curso 2018/19.	En construción	David López Vilariño	Comisión de Título		01/02/2019	
AM-GrEI-5	Plan de Melloras da Acreditación	Incremento da porcentaxe de estudantes nos programas de mobilidade.	En construción	David López Vilariño	Comisión de Título		31/05/2019	
AM-GrEI-6	Propostas de Mellora	Este indicador, aínda que inferior a taxa media de abandono da USC está por enriba do obxectivo marcado na memoria do plan de estudos (20% fronte ao 10%). Desde que este indicador é medible, o seu valor sempre foi moi superior ao 10% reflectido na memoria. É necesario polo tanto analizar se o obxectivo marcado na memoria é realista e de ser necesario propoñer unha modificación na memoria do Título cunha actualización deste indicador. Para levar a cabo esta acción farase unha análise estatística da situación en titulación do estado similares e se recopilará información sobre as posibles causas de abandono.	En construción	David López Vilariño	Comisión de Título		31/07/2019	
AM-GrEI-7	Propostas de Mellora	Aumento da presenza de estudantes en xunta de escola e nas comisións delegadas, principalmente na comisión da titulación.	En construción	David López Vilariño	Comisión de Título		31/07/2019	